

# **PUBLICACIONES DE DIVULGACIÓN ESPECIALIZADA**

10.17075/isdcg.2016.011



Entre as organizacións que se dedican ao estudo e fomento dalgún campo da ciencia, algunhas, sobre todo as máis veteranas, teñen publicacións periódicas máis ou menos especializadas nun campo da ciencia que, entre as súas seccións, incorporan artigos ou contido de natureza divulgativa. Neste capítulo, quixemos reflectir o labor divulgativo ao longo do seu percorrido histórico dalgúns dos proxectos máis relevantes, mediante unha ficha técnica que foi cuberta polos responsables das distintas publicacións.

## **BRAÑA, PUBLICACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN)**



---

---

**BRAÑA**

BOLETIN DA  
SOCIEDADE GALEGA  
DE HISTORIA NATURAL

---

---

2013-2014

Nº 11

## **Breve descripción histórica**

BRAÑA nace en 1977, nun primeiro intre pensouse en chamala FISTERRA, pero elixiuse o seu nome entre catro propostas que tiñan en común ser nomes de dúas sílabas e de cinco letras: BRAÑA, CAMPA, FURNA e LUBRE. Naceu como primeira revista de investigación en galego e que tiña como alicerce «o estudo sistemático da realidade galega» e «que se sabe que un bo coñecemento do medio pode ser alicerce seguro pró desenvolvemento socio-económico do País».

Pasou por diversas etapas debido sobre todo polas dificultades do soporte financeiro e xa en 2013 relanzouse nunha dupla vertente electrónica e a tradicional en papel, pero cunha tiraxe moito máis reducida que permite esquecer as vellas limitacións. Actualmente, o requisito máis sobranceiro é a publicación bilingüe, galego e inglés, para manter o espírito inicial e fomentar a divulgación alén das nosas alfándegas.

## **Directores/Coordinadores das distintas etapas**

1977-1981	Francisco Díaz-Fierros Viqueira
1989	Marisa Castro Cerceda e Luís Freire García
1994-1996	Xoán Rodríguez Silvar
1996-2001	Serafín González Prieto e Bernardo Carrión Velasco
2010	Xosé Lois Rey Muñiz e Serafín González Prieto
2013-2016	Xosé Lois Rey Muñiz e Álvaro María Rodríguez Pomares

## **Periodicidade**

Anual, con varias interrupcións.

## **Breve descripción do labor e obxectivos de BRAÑA na actualidade**

O Boletín BRAÑA publica artigos, notas e descrições bibliográficas sobre Flora, Fauna, Xea, Antropoloxía e Arqueoloxía galega ou redactada por galegos.

Ten como obxectivo divulgar a investigación galega e fomentar a presenza de autores noveles, sen desbotar o rigor das investigacións.

## **Colaboradores habituais**

Serafín González Prieto, Santiago Bas López, Pablo Torrella Allegue.

### **Tiraxe e distribución**

Cada artigo ou nota aprobada polo comité de redacción é publicado electronicamente en aberto e sen restricións de acceso. Está aberta unha lista de subscrición gratuíta e cada novo artigo é enviado á lista e socios de SGHN. Ao remate de cada ano publícase en papel para a distribución en bibliotecas ou persoas interesadas na súa adquisición neste formato.

### **Número de visitas/descargas dos números/artigos dixitalizados**

Non se leva rexistro.

## **CERNA, REVISTA DA ASOCIACIÓN GALEGA PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)**



### **Breve descripción histórica**

CERNA – Revista galega de Ecoloxía e Medio Ambiente é unha publicación periódica da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA). Como tal, sucedeu á revista Albadrabranca, da que se publicaron 3 números antes de 1990. Entre 1990 e 1992, publicáronse 5 números baixo o cabezal de

«ADEGA», aparecendo o nº 6 en 1993 xa baixo o cabezal CERNA, que se mantivo até a actualidade (nº 74 en decembro de 2015). A partir do nº 71 (2014), a edición pasa a ser dixital, publicándose un anuario en papel cunha selección dos contidos da edición dixital.

Co nacemento da revista ADEGA en 1986, xorde a primeira publicación galega específica en contidos medioambientais que, posteriormente, en 1993, adoptaría o nome de CERNA e asumiría un carácter máis xeral dirixido a todo o público galego. Esta reconversión debeuse á demanda dunha publicación divulgativa sobre o ecoloxismo e o medio natural de Galiza que nos anos 90 exercía o movemento ecoloxista galego ante a chegada de proxectos fortemente impactantes co noso territorio e tamén dado o aumento no número de afiliados/as que estaba acadando esta organización ADEGA. CERNA naceu co obxectivo de informar e concienciar a sociedade galega sobre as cuestións ambientais do país. Hoxe en día, a revista CERNA é a única publicación de ámbito galego de carácter ecoloxista e que se centra na divulgación de contidos relativos medio ambiente galego.

### **Directores/Coordinadores das distintas etapas**

Até 1992, a publicación contou con diversos coordinadores. Foi a partir do nº 6 cando se establece un Consello de Redacción formal que foi variando os seus membros ao longo dos números posteriores. En toda esta primeira etapa foi fundamental o traballo voluntario de Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Esther Rodríguez, Xesús Pereiras, ou Manuel Soto, entre outras persoas. A partir do nº 39 (2003), aparece reflectido como director/coordinador Manuel Soto, e no nº 50 (2006) incorpórase Belén Rodríguez como redactora, dando lugar a unha nova etapa máis profesionalizada que se mantén até a actualidade. Desde 2008 (nº 54), tanto a coordinación como o traballo de redacción correu da man de Belén Rodríguez, coa colaboración de Manuel Soto como director.

Actualmente, complementan o cadro técnico de CERNA:

Dirección: Manolo Soto

Redacción e publicidade: Belén Rodríguez

Deseño e maquetación: Distrito Xermar

Fotografía: Distrito Xermar, Ramsés Pérez, arquivo ADEGA, autores indicados.

Administración: Silvia Amor

Comité de redacción: Manuel Soto, Belén Rodríguez, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Xosé Salvadores, Alberte Sánchez.

## Periodicidade

Actualmente, acadou a súa edición número 74. Entre 1993 e 2013, editáronse de forma continuada entre 2 e 5 números anuais, cunha extensión que variou entre as 40 e as 76 páxinas en formato A4. Polo tanto, a periodicidade media resultou ser cuadrimestral (2,9 n°/ano entre 1990 e 2015). Progresivamente, foi introducindo páxinas a cor, contando na actualidade con todas as súa páxinas a cor.

En 2014, naceu a revista *Cerna* dixital (<http://adega.gal/revistacerna>) e dispúxose a elaboración de 3 números dixitais e un número anual impreso (Anuario Cerna) que sería unha recompilación de artigos publicados na canle dixital. Esta reconversión debeuse á demanda cada vez máis ampla de acceso á revista en formato dixital e tamén ao elevado custo económico, non asumible para a organización, e á falla de axudas institucionais para poder imprimir máis de 10 000 exemplares ao ano.

## Breve descrición do labor e obxectivos de CERNA na actualidade

- Poñer a disposición da sociedade unha publicación periódica galega relativa á protección e conservación do patrimonio ambiental e cultural de Galiza, que ata o momento é a única na comunidade.
- Divulgación na lingua propia da riqueza natural de Galiza.
- Promover un modo de vida sostible mediante a sensibilización e o compromiso ambiental.
- Contribuír ao coñecemento da identidade propia, sustentada na lingua e na paisaxe cultural.
- Promover a interacción de coñecementos que inciden no medio e que proceden de varios eidos de investigación ou de traballo da sociedade.
- Estimular a poboación galega na conservación e recuperación dos bens patrimoniais, etnográficos, lingüísticos e culturais.
- Ofrecer material divulgativo de calidade, rigoroso na información e accesible por todo o tipo de públicos.
- Servir de medio de transmisión das inquedanzas, reivindicacións e campañas do movemento ecoloxista galego; das sinerxías creadas entre colectivos defensores do patrimonio ou interventores directos sobre o territorio e de proxectos de investigación ou científicos que teñen incidencia no noso medio e que son explicados de forma divulgativa.
- En definitiva, CERNA busca informar e formar a sociedade galega no desenvolvemento sustentable e a defensa do patrimonio natural e cultural de Galiza.
-

## **Colaboradores habituais**

Os nosos colaboradores habituais proceden do movemento ecoloxista galego, da propia organización ADEGA, das diferentes universidades, centros de investigación e/ou departamentos científicos que tratan cuestións relativas aos diferentes campos de investigación relacionados co medio ambiente, especialistas en determinados eidos ambientais, colectivos ou plataformas que están a traballar na defensa do ambiente aínda non sendo estritamente ecoloxistas, técnicos ambientais dos concellos, empresas que inciden no sector ou que buscan xeitos alternativos de xestionar o territorio, afeccionados con coñecementos específicos en certos campos da natureza, etc.

## **Tiraxe e distribución**

A tiraxe impresa de Cerna ao longo destes anos variou entre os 1200 e os 3500 exemplares por edición. Actualmente, estanse a imprimir 1500 exemplares de cada edición impresa que se distribúen entre as persoas afiliadas de ADEGA que así o demandan e subscritores. O noso propósito é atopar a suficiente estabilidade económica para recuperar unha tiraxe superior e a distribución de CERNA de forma gratuíta en centros públicos de ensino, bibliotecas, colectivos sociais e ambientalistas, organismos oficiais, etc.

## **Número de visitas/descargas da versión dixital**

Durante o ano 2016, o número de visitas/descargas de Cerna desde a súa web superou as 25 000 descargas. A través das redes sociais conta con máis de 10 000 seguidores.



## BOLETÍN DAS CIENCIAS, PUBLICACIÓN DA ASOCIACIÓN DOS ENSEÑANTES DE CIENCIAS DE GALICIA (ENCIGA)



### Breve descripción histórica

ENCIGA créase o 18 de xaneiro de 1988, pero anteriormente xa se constituíra unha Comisión Xestora que sería a encargada de crear a asociación. A constitución tivo lugar un 11 de novembro de 1987, sendo o primeiro presidente Frutos Fernández González e actuando como secretario Ramón Cid Manzano.

Os primeiros pasos desta organización foron a realización dunhas Xornadas de Debate co título «As Ciencias na Reforma», celebradas en Santiago, o 8 e 9 de abril de 1988, do I Congreso da ENCIGA, os días 10, 11 e 12 de novembro do mesmo ano en Betanzos, e a presentación na Casa das Ciencias da Coruña do número 0 de Boletín das Ciencias.

En 1991, no IV Congreso Anual da ENCIGA celebrado en Tui, constituíuse a Sección de Matemáticas da ENCIGA que pasou a formar parte da Federación Estatal de Sociedades de Profesores de Matemáticas.

Durante os 28 anos de existencia (ata o actual 2016), ENCIGA contou con catro presidentes: o xa mencionado Frutos Fernández González, Xosé Mendoza Rodríguez, José Manuel Facal Díaz e o actual presidente Paulino Estévez Alonso.

Na actualidade, conta con máis de 650 socios, sendo a asociación de ensinantes de Galicia con maior número de asociados, ademais da asociación de profesores máis antiga de España e unha das máis veteranas de Europa.

O número 0 do Boletín das Ciencias imprimiuse nos talleres de *La Voz de Galicia* na Coruña en maio de 1988. A partir deste, publicáronse 81 números máis ata este momento (marzo de 2016).

Na súa conformación, tomouse como modelo de formato a revista *Education in Science* da ASE (Association for Science Education).

A extensión dos boletíns varía entre 11 e 17 artigos, contando cunha media de 12 artigos por boletín. Nesta conta de artigos, excluímos os boletíns especiais e aqueles dedicados ao Congreso Anual de ENCIGA.

### **Directores/Coordinadores das distintas etapas**

#### 1ª Etapa:

Coordinador: Frutos Fernández González

Colaboradores: Pilar Abraldes, Ramón Cid Manzano

#### 2ª Etapa:

Coordinador: Manuel Alonso Mougán

Colaboradores: Antón Castelo Santabaia, Manuel Díaz Regueiro, Manuel Lamelo Iglesias, Miguel Rodríguez González, Manuel Torreira

#### 3ª Etapa:

Coordinador: Antonio Fernández Barro

Colaboradores: M<sup>a</sup> José Campello Navarro, Francisco Gallego Fouz, José Graña Carrodegas, Andrés Lamas Seco, José A. Pérez Cribeiro, Enrique Pujales Martínez, Alejandro Rey López.

#### 4ª Etapa:

Coordinadores: Ramón Cid Manzano e Rafael Sisto Edreira

Colaboradores: Luís Cachafeiro Chamosa, Elvira Cienfuegos López, Juan R. Gallástegui Otero, Rosario García-Echave López, Antón Labraña Barreiro.

#### 5ª Etapa:

Coordinador: José Facal Díaz

Colaboradores: Luís Cachafeiro Chamosa, Juan R Gallástegui Otero, Antón Labraña Barreiro.

#### 6ª Etapa:

Coordinador: Paulino Estévez Alonso e Manuel Bermejo Patiño

Colaboradores: Luís Cachafeiro Chamosa, Juan R Gallástegui Otero, Antón Labraña Barreiro Ramón Cid Manzano.

## **Periodicidade**

A periodicidade do Boletín das Ciencias foi variando ao longo do tempo. Nos primeiros 5 anos, contou cun periodicidade de tres números anuais, para pasar desde 1994 a 2001 a catro números. A partir de 2001, a súa presenza foi na case a totalidade deses anos de dous números por ano.

O último número publicado, no momento de redactar esta ficha, é o N° 81 aparecido en novembro de 2015.

## **Breve descrición do labor e obxectivos do Boletín das Ciencias na actualidade**

O Boletín das Ciencias é a publicación institucional da ENCIGA que dá cumprimento ao artigo nº 2 dos estatutos. O Boletín ten como finalidade poder achegar ao profesorado os avances e innovacións neste ámbito que posibiliten mellorar a calidade do ensino das ciencias. Un boletín que cumprise co propósito de dotar as e os ensinantes galegas de numerosos recursos que puidesen poñer en práctica nas súas aulas.

Nos primeiros anos, o Boletín contaba con sete seccións fixas: Presentación, Secretaría, Seguridade no Laboratorio, Grupos de Traballo, Curiosidades, Novas e Ciencia e Ocio.

Co paso dos anos, estas seccións foron mudando, aparecendo sen continuidade prefixada, tomando o protagonismo os artigos dos propios asociados e asociadas ao redor de propostas didácticas, experiencias, divulgación etc. Tamén durante varios números apareceu a sección denominada «A Tribuna do Invitado», onde se convidaba a publicar a unha persoa non asociada a ENCIGA. Nesta sección teñen colaborado numerosos profesores e profesoras da Universidade ou científicos. Entre esas colaboracións hai que destacar a de dous Premios Nobel: Jack Steinberger, Nobel de Física en 1998, e Sheldon Lee Glashow, Nobel de Física en 1979. Estas dúas colaboracións producíronse no mesmo número, o 70 de xullo de 2010.

Tamén se incorporou ao Boletín de Ciencias a Historia da Ciencia con numerosos artigos, e mesmo dedicando algún monográfico, como foi o caso do número adicado a Antonio Casares Rodríguez en 2012.

As publicacións da revista están na súa maioría en galego. Mesmo aqueles artigos que envían os colaboradores noutros idiomas (castelán, inglés,...) son traducidos para o galego co previo permiso do autor.

## **Breve descrición dos contidos de natureza divulgativa na actualidade**

Debido a que a revista está dirixida ao profesorado de ensino non universitario, co obxectivo principal de presentar experiencias didácticas, a orientación

divulgativa vai unida en moitos casos ao achegamento dos lectores de feitos, fenómenos ou datos que non son de coñecemento xeral no ámbito educativo. De especial relevancia son os frecuentes artigos dedicados á Historia da Ciencia. Un caso especial, de grande importancia divulgativa, ten que ver cos monográficos da revista dedicados á Física, aos incendios, á Mendeleiev e a Antonio Casares Rodríguez.

### **Colaboradores habituais**

Non existen na revista «colaboradores habituais» no sentido habitual desta acepción noutros tipos de revistas. A maioría dos autores dos artigos son profesores e profesoras de ensino non universitario que participaron en diferentes números da revista.

Polo alto número de artigos publicados, podemos destacar os seguintes: Manuel Bermejo Patiño, Luís Cachafeiro Chamosa, Constantino Armesto Ramón, Ramón Manzano, Antón Labraña Barreiro e Antonio Vidal González.

### **Tiraxe e distribución**

A tiraxe actual é de 2000 exemplares.


A distribución principal realízase directamente por correo aos domicilios dos asociados e asociadas. Unha segunda distribución realízase a un bo número de bibliotecas de Galicia e de centros de ensino público secundario.

### **Número de visitas/descargas da versión dixital**

Dado que a revista está só parcialmente en formato PDF no sitio web de ENCIGA, non ten valor estatístico o dato das descargas da versión dixital.

O dato que podemos dar é que o *Pagerank* da web de ENCIGA é de 5.

## **GAMMA, PUBLICACIÓN DA ASOCIACIÓN GALEGA DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN MATEMÁTICA (AGAPEMA)**



### **Breve historia de GAMMA**

AGAPEMA fúndase en decembro de 2000 como a primeira asociación de profesores e profesoras de Matemáticas de Galicia. Ademais de organizar actividades de formación e de todo o tipo dirixidas ao alumnado e profesorado de Galicia, dende o primeiro momento faise realidade a idea, ambiciosa para unha sociedade de recente creación, de editar unha publicación que, co paso do tempo, se foi convertendo nun sinal de identidade de AGAPEMA.

Deste xeito, nace GAMMA (Galicia e Matemáticas), da que se publica o primeiro número en setembro de 2001, menos dun ano dende o nacemento de AGAPEMA. GAMMA nace baixo a dirección de Manuel Díaz Regueiro, presidente da asociación, que traballa en estreita colaboración cos profesores ferroláns Luis Puig Mosquera e Xurxo Mejuto Couce. Estes dous profesores ocuparían, de xeito compartido, a dirección da revista dende o número 3 ata o número 12, publicado no ano 2012, ano no que son substituídos pola profesora coruñesa Sandra Sambade Nieto, que mantén esa responsabilidade a día de hoxe.

## **Obxectivos de GAMMA**

A revista trata temática moi variada, pero poderíamos clasificar estes temas en catro bloques: artigos de divulgación matemática, artigos sobre investigación en educación matemática, presentación de experiencias educativas e, por último, artigos sobre actividades organizadas por AGAPEMA.

O principal obxectivo da publicación é o de ser o referente principal para o profesorado de Matemáticas de Galicia, coidándose para iso a calidade dos artigos mediante un rigoroso sistema de revisión.

## **Estrutura da revista**

Na súa primeira etapa, que abrangue dende o seu primeiro número en 2001 ata o 12º número, publicado en 2012, a estrutura da revista incluía algunhas seccións fixas e outras que foron variando nalgún número. Entre as seccións fixas, podemos atopar Educación Matemática, Estatística, Matemáticas, Historia das Matemáticas, Recensións, Colaboracións e Experiencias Educativas.

No ano 2014, aparece o número 13 de GAMMA, editado xa en formato dixital, na que hai unha sección para artigos sen diferenciar a súa temática, e outras dedicadas a GeoGebra, Blogues e webs matemáticas, Matemáticas e Arte, Materiais manipulativos, Prensa e Matemáticas, Recensións e Actividades de AGAPEMA.

## **Edición, publicación e difusión**

A revista foi publicada en papel dende o ano 2001 ata o ano 2012, cunha periodicidade anual. A súa edición correspondeu neses anos directamente a AGAPEMA, sendo impresa a revista na cidade de Lugo.

Para esta edición, AGAPEMA contou ao longo de varios anos con subvencións que a Dirección Xeral de Política Lingüística concedía a publicacións en lingua galega. Tamén se contaba con colaboración institucional, concretamente dos Centros de formación de Profesorado, para a súa distribución aos socios e socias de AGAPEMA.

A tiraxe de cada número da revista era de 600 exemplares, que eran recibidos de xeito gratuíto por todos os socios e socias de AGAPEMA. Tamén se enviaban exemplares ás restantes asociacións de profesores de Matemáticas existentes no Estado, dentro dun programa de intercambio. Por último, en congresos e actividades de formación do profesorado organizadas por AGAPEMA, os asistentes recibían exemplares de GAMMA como parte da documentación da actividade.

Na actualidade, a revista publícase en soporte dixital, sendo accesible a todo o público. Pódese descargar de xeito gratuíto, tanto a revista completa como

artigos concretos, na web da asociación, na ligazón <http://www.agapema.org/?q=node/316>

## **Temas e colaboracións**

Os temas tratados na revista son moitos e moi variados, polo que non parece axeitado facer unha relación exhaustiva deles. Porén, hai persoas que, coas súas colaboracións, tiveron unha importancia moi relevante no feito de que GAMMA chegase a ser o que é a día de hoxe, entre as que destacan:

-Manuel Díaz Regueiro. Primeiro presidente de AGAPEMA, primeiro director de GAMMA e autor de numerosas colaboracións na revista. As temáticas tratadas neles son moi variadas, pero nos últimos números centrouse maioritariamente no estudo da relación entre as Matemáticas e a cultura antiga en Galicia: petróglifos, símbolos celtas, etc.

-Ricardo Moreno Castillo. Catedrático madrileño e profesor da Universidade Complutense, colaborador habitual na sección de Historia das Matemáticas.

-Mercedes Sampredo Yáñez. Profesora de secundaria coruñesa, que publicou varios artigos en GAMMA nos que dá a coñecer e analiza o traballo de matemáticos e científicos galegos como Víctor Vázquez Queipo, José Rodríguez González, o legado científico de Afonso X, Eduardo García Rodeja, etc.

-María J. Wonemberger Planells. Para AGAPEMA é unha honra poder dicir que contou coa colaboración desta célebre matemática galega en diversas actividades, entre as que contamos a publicación de varios artigos en GAMMA. María Wonemberger é socia de honra de AGAPEMA.

-Manuel Pazos Crespo «Coque». Figura principal no eido da innovación en Educación Matemática e Formación do profesorado en Galicia. Coque escribiu numerosos artigos relacionados co emprego de materiais no ensino.

GAMMA tamén contou con colaboradores de enorme prestixio no campo da divulgación matemática e a investigación, tanto en matemáticas como en educación matemática, entre os que destacan Luis Balbuena Castellano, Claudi Asina Catalá, Carmen Batanero, etc.

## CIENCIA RÍAS BAIXAS, REVISTA DA AGRUPACIÓN ASTRONÓMICA RÍAS BAIXAS



### Breve descripción histórica

Comenza a publicación da revista *Ciencia Rías Baixas* coa a edición do 1º número en febreiro do 2007 e nace coa vocación de complementar as actividades de divulgación científica da nosa agrupación, dar a coñecer precisamente esas actividades, e de posibilitar a publicación de traballos nos seus respectivos campos, de científicos tanto galegos como de fóra de Galicia. Durante a súa existencia, houbo achegas de membros da propia agrupación, de traballo de campo de astrónomos aficionados doutras asociacións, astrofotografías, artigos de destacados científicos de prestixio, dende astrofísicos, incluídos descubridores de asteroides e planetas ananos, como o Dr. Ignacio Ferrín, xeólogos planetarios como o Dr. Francisco Anguita, astrobiólogos investigadores da NASA, como o Dr. Alfonso F. Davila, e mesmo físicos como os premios Nobel, o Dr. Murray Gell-Mann, ou o Dr. Leon M. Lederman... E procuramos seguir tamén con traballos como o dos enxeñeiros da Universidade de Vigo que participan nas misións dos satélites *Xatcobeo* e que achegan información científica e tecnolóxica aos lectores da revista.



## **Directores/Coordinadores das distintas etapas**

O director da revista é dende o seu inicio: D. Fernando Mori Díez, avogado especialista en Dereito espacial, na primeira etapa colabora como director adxunto, D. Antolín Franco, xa retirado. Actualmente tamén participo na coordinación, un servidor (Francisco Novoa, actual presidente da agrupación), e outros membros da actual xunta directiva, como D. Pablo Martínez.

## **Periodicidade**

Inicialmente, a periodicidade era semestral grazas ás axudas de diferentes entidades (Caixanova, Deputación de Pontevedra, ou Consello Social da Universidade de Vigo), actualmente, debido a falta de recursos, a revista é anual.

## **Breve descrición do labor e obxectivos de CIENCIA RÍAS BAIXAS na actualidade**

Mantéñense os obxectivos e labor inicial: divulgación da Ciencia en xeral e, en particular, da astronomía e cosmoxía, metodoloxías do traballo científico. Anunciar eventos científicos, en particular, astronómicos e as actividades principais da agrupación.

## **Breve descrición dos contidos de natureza divulgativa na actualidade**

Esencialmente, principais noticias científicas de actualidade que resulten de interese. Artigos da metodoloxía de traballo da observación astronómica, Astrofotografía. Historia da Ciencia, e de significados científicos. Capítulos da Historia do Sistema Solar e da Terra. A evolución humana e as achegas dos xacementos de Atapuerca. Enigmas da Ciencia. Aceleradores de partículas, Cosmoxía...

Artigos de Dereito espacial, eventos astronómicos, e actividades.

## **Colaboradores habituais**

O editorial e as páxinas de eventos corren ao cargo do presidente, vicepresidente, e no seu caso, outros membros da xunta directiva. Colaboran habitualmente distintos científicos da Universidade de Vigo, e algúns astrónomos afeccionados socios ou non socios da agrupación, Manuel A. Castro Gil, Dr. enxeñeiro da UNED, Raúl López García, membro do equipo de divulgación do Museo da Evolución Humana de Burgos e dos xacementos de Atapuerca, Alfonso F. Davila, astrobiólogo, investigador do Centro Ames da

NASA, e do Instituto SETI, Ignacio Ferrín, astrofísico da Universidade de Antioquía (Colombia), especialista en cometas e descubridor de corpos menores do Sistema Solar, Jose M<sup>a</sup> Cordobés, Dr. en Física, que traballou no CERN e dirixe o club de Física E. Fermi, etc... E tamén a colaboración eventual de científicos de prestixio como os anteriormente mencionados, os Dres. Murray Gell-Man, Leon Lederman, ou Francisco Anguita.

### **Tiraxe e distribución**

A tiraxe habitual é duns 500 exemplares. A revista repártese aos socios, bibliotecas destacadas das provincias de Ourense e Pontevedra, centros educativos, asociacións e fundacións culturais en Galicia, organismos e colaboradores das Universidades galegas, colaboradores de museos e centros de investigación, tanto de Galicia como de fóra, como da Universidade Autónoma de Barcelona, Complutense de Madrid, Museo da Evolución Humana de Burgos, IAC, IAA, UNED, e algúns centros do CSIC... Tamén a concellarías dalgúns concellos e outros organismos oficiais que dalgún xeito colaboraron coa agrupación, e a Federación de Asociaciones Astronómicas de España á que pertencemos.

### **Número de visitas/descargas da versión dixital**

Unhas 1200 visitas dos 8 primeiros números editados na versión dixital.

## **NOVA ACTA CIENTÍFICA COMPOSTELANA (NACC)**



Aínda que se trata dunha revista especializada que publica traballos científicos de investigación, a NACC merece aquí un breve comentario xa que, desde o ano 2013, nunha nova etapa dirixida por M. Jesús Aira e Marcos González, ten unha sección fixa específica para «Artigos de divulgación» na que se publican breves ensaios de divulgación e pensamento, dirixidos principalmente a investigadores do eido das ciencias naturais. Nesa sección, teñen publicado artigos de divulgación científicos como Juan I. Pérez Iglesias, Jaime Gómez Márquez, Adolfo Cordero Rivera ou José Manuel López Nicolás, entre outros.